

TES QUE SABELO!

O GOBERNO DO PP É O REI DAS FOCHANCAS

O BNG da Estrada denuncia o mal estado dos aparcadoiros públicos de Correos e da Casa das Letras.

PÁXINA 4 >



PÁXINA 3 >

A ZONA DEPORTIVA E DOS INSTITUTOS TEN QUE SER PARA AS PERSOAS

Os nacionalistas piden restrinxir a velocidade dos vehículos a 30 km/h en toda a zona



ANO 0 - NÚMERO 3
ABRIL 2016

Editado polo Grupo Municipal do BNG

Rúa Leicures, 14-1º
36680 A Estrada
aestrada@bng.gal
618790646

bngdaestrada.wordpress.com
twitter.com/bngaestrada
facebook.com/bngdaestrada



O BNG PRESENTA UN PROXECTO INTEGRAL PARA TRANSFORMAR A AVENIDA FERNANDO CONDE

PÁXINA 2 >

O concelleiro do BNG, Xosé Magariños, afirma que “o abandono histórico desta zona é palpábel en cada metro cadrado”. A proposta d@ nacionalistas debaterase cos orzamentos de 2017.

- **MAGARIÑOS INSTA AO ALCALDE A FACER UNHA AUDITORÍA DE TODOS OS PARARRAIOS MUNICIPAIS**

PÁXINA 3 >

O BNG PRESENTA UN PROXECTO INTEGRAL PARA TRANSFORMAR A AVENIDA FERNANDO CONDE

O CONCELEIRO DO BNG, XOSÉ MAGARIÑOS, AFIRMA QUE “O ABANDONO HISTÓRICO DESTA ZONA É PALPÁBEL EN CADA METRO CADRADO”. A PROPOSTA D@S NACIONALISTAS DEBATERASE COS ORZAMENTOS DE 2017.

O portavoz municipal do BNG da Estrada, Xosé Magariños, presentou o pasado mes de marzo o proxecto integral dos nacionalistas para “transformar a zona da Avenida Fernando Conde, que a nivel viario está igual que a principios do século XX”.

Segundo anunciou Magariños “con esta proposta, presentada como moción, apostamos pola realización dun Plan Integral de desenvolvemento da zona de Fernando Conde con financiamento plurianual incluíndo a achega dos fondos procedentes do plan AESS 2020, que contemple a apertura do vial que une as Colonias coa rúa 25 de Xullo, o ensanche e a urbanización da prolongación da rúa do Muíño, a prolongación da Rúa 11, a apertura e urbanización das rúas transversais que comunican as rúas citadas e a estrada de circunvalación.”

“Con isto conseguiremos”, indicou o concelleiro nacionalista, “completaremos o enmallado urbano, así como a provisión de prazas de aparcadoiro que dean solución a un dos graves problemas que ten actualmente a vila, e en concreto a zona, que limita a afluencia á Estrada de persoas do resto do concello ou concellos limítrofes, lastrando con iso o desenvolvemento do comercio local”.

“Por outra parte”, engadiu Xosé Magariños, “dotaremos a zona das zonas verdes necesarias en función da ocupación habitacional que corresponda á totalidade da zona, así como a humanización total da Avenida Fernando Conde, que será a guinda a unha plan de rehabilitación integral de toda a zona que contempla este proxecto que presentamos”.

O portavoz do BNG explicou tamén que esta



“NON NOS GUSTAN OS CAMBIOS COSMÉTICOS, PREFERIMOS TRANSFORMAR A REALIDADE, O ESPAZO PÚBLICO”

remodelación contemplará tamén a inclusión as conexións de gas cidade, fibra óptica e outros servizos complementarios, así como a mellora dos servizos de saneamento. “Con isto” explicou, “evitaremos obras a posteriori”.

Xosé Magariños criticou ao PP pola “xestión económica dos últimos anos, caracterizada por un incremento constante dos gastos correntes en detrimento do gasto en investimentos, mesmo dilapidando o aumento dos ingresos que supuxo a suba do IBI, con cambios estéticos e ornamentais puntuais e sen criterio”.

A ZONA DEPORTIVA E DOS INSTITUTOS TEN QUE SER PARA AS PERSOAS

OS NACIONALISTAS PIDEN RESTRINXIR A VELOCIDADE DOS VEHÍCULOS A 30 KM/H EN TODA A ZONA

O BNG quiere garantir a seguridade física dos mozos e mozas que a diario transitan por la Rúa da Cultura, así como de todas as persoas que fan deporte e pasean pola zona deportiva e dos institutos en dirección a maior zona verde con que conta o noso concello.

O portavoz municipal do BNG, Xosé Magariños, “considera que esta área debería ser un espazo privilexiado para o esporeamento das veciñas e veciños da Estrada por ser un lugar accesíbel desde o centro da vila, pero tamén un lugar de paso dos alumnos e alumnas do instituto e FP”. “Por esta razón”, indicou o concelleiro nacionalista, “o BNG rexistrou unha moción onde pedimos unha reordenación do tráfico na contorna dos institutos e pavillóns orientada á circulación dos vehículos nunha soa dirección. Tamén solicitamos fixar a velocidade máxima en toda a zona en 30 km/h e implantar sistemas de moderación do tráfico en toda a área, especialmente naqueles espazos onde haxa maior afluencia peonil (institutos e pavillóns).

Por outra banda o BNG considera que o sistema de alumeadado que está a utilizar na actualidade está orientado para iluminar a calzada no canto de alumear a beirarrúa pola que transitan as persoas. Como indicou o concelleiro do BNG, “os coches xa teñen luces, as persoas non, por iso consideramos máis oportuno un alumeadado que lle sexa útil ás persoas, non aos coches”. “Neste sentido”, engadiu



Magariños, “na moción tamén contemplamos que se dote a área dun sistema de alumeadado público que priorice a iluminación sobre as zonas de circulación dos peóns e a creación dunha senda peonil que una a rúa da Cultura cos institutos, pavillóns, campo de fútbol e a Carballeira”.

O concelleiro nacionalista suliña que “é preciso realizar unha intervención nesta área que a converta nun espazo no que os veciñas e veciñas se acheguen a ela como zona deportiva e de paseo e garantan a seguridade dos mozos e mozas que a diario transitan por ela. Pero esta intervención non ten que ser entendida única e exclusivamente como de seguridade vial, ten que partir dun plantexamento de deseño urbano amplo, que a converta nunha peza máis do desenvolvemento dunha vila con criterios de accesibilidade e mobilidade e teña en conta os distintos eventos que se desenvolven nas instalacións xa existentes”.

MAGARIÑOS INSTA AO ALCALDE A FACER UNHA AUDITORÍA DE TODOS OS PARARRAIOS DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS

O concelleiro do BNG acusa ao grupo de goberno de incompetentes e afirma que “o raio que caeu no concello o domingo 10 de abril foi un aviso, non tentemos a sorte”.

Os nacionalistas instan ao goberno do PP a facer unha auditoría de todos os pararraios que teñan os edificios municipais para ver se cumpren correctamente a súa función.

O GOBERNO DO PP É O REI DAS FOCHANCAS

O BNG DA ESTRADA DEUNCIA O MAL ESTADO DOS APARCADOIROS PÚBLICOS DE CORREOS E DA CASA DAS LETRAS.

O portavoz municipal do BNG, Xosé Magariños, vén de afirmar que o “PP debe ter pensado en converter os aparcadoiros de Correos e o da Casa das Letras en piscinas naturais para o verán, porque senón non se entende como poden estar en tan mal estado un sitio que debería servir para que os veciños e veciñas deixaran os seus vehículos mentres fan as compras no comercio local”.

“Se é esa a idea”, explicou o concelleiro, “suxírolle ao alcalde que deixe que a natureza faga o seu traballo e así no verán teremos un novo atractivo turístico para a Estrada, iso si, probabelmente sen agua”. “Porén,” engadiu Magariños, “se o que quere é dotar dunha rede de aparcadoiros en superficie e gratuítos para os veciños e veciños do rural que se achegan á vila a mercar, suxírolle que se poñan mans á obra e arranxe as fochanchas de ambos os dous aparcadoiros para que se poidan utilizar sen que os usuarios se mollen até os xeonllos”.

O concelleiro nacionalista indicou que “non é a primeira vez que se lle pide ao alcalde que arranxe os aparcadoiros, pero que o seu pasotismo está a



converter os aparcadoiros públicos en auténticas pistas para 4×4, especialmente o de Correos, que é o que está en peores condicións”.

O BNG REITERA A SÚA APOSTA POLA RE-ZONIFICIACIÓN EDUCATIVA DA ESTRADA

O PP VOTA EN CONTRA DA RE-ZONIFICACIÓN E CONTRA A RETIRADA DO CONCERTO AO COLEXIO PRIVADO DE LOURDES

O BNG no Parlamento Galego apoiou unha iniciativa para dotar de transporte escolar desde a vila até o colexio do Foxo, pero sempre como medida provisional até que se acometa a re-zonificación educativa do concello da Estrada. Como era de agardar, o PP non apoiou esta iniciativa votando en contra, así como da emenda dos nacionalistas que pedía a suspensión do concerto educativo da Xunta co colexio privado de Lourdes.

No BNG entendemos que a solución que demandan as nais e pais que levan os seus cativos ao Foxo é un apaño que soluciona un problema concreto, pero non é a solución á irracionalidade que reina no eido educativo na Estrada, onde hai nenos e nenas que van da vila ao rural, do rural á vila, mentres algúns colexios de ambos os dous ámbitos teñen problemas para completar as aulas, como o caso do Pérez Viondi, remodelado recentemente. Así como o concerto co colexio privado de Lourdes, que tamén lle resta alumn@s aos colexios públicos. No BNG non queremos colexios públicos sen nenos e nenas, nin nenos e nenas sen colexios públicos. Queremos un ensino público de calidade.